

Nos días de néboa sempre pasa algo interesante

"Nos días de néboa sempre pasa algo interesante", dixera horas antes a modo de conxuro; pero non tiña ilusión nin ganas. Movíase entre a multitude deixándose levar, sen sentir. As sardiñas xa non sabían coma antes, o fume xa non ulía coma antes e as cachelas xa non abrigan coma antes. Ao seu redor, a cidade movíase a cámara lenta envolta en fume purificador, conxurando meigallos de boa ventura e desexos imposibles.

O Caribe de Monte Alto puxo a banda sonora que a levou ao mundo dos soños. Viunos apurar coa media noite para queimar os accidentes, os despidos, os roubos, as aldraxes, o esquecemento, o desamor, ... Ela seguía desconectada, observando a escena desde outra dimensión.

Foi aquela man agarrándolle a perna quen a devolviu á realidade. Mirouno. Sorriulle sen lle dar máis importancia e soltouse tratando de volver ao seu trance. El insistiu. Volviuno mirar, "demasiado guapo para facerme caso sen alcohol" pensou. El sorriu pedindo atención.

Por fin, sentou ao seu carón. Non llo puxo fácil, pero a el doulle igual; incluso conseguiu arrancar algún sorriso encantador de entre as desconfianzas. Despediuse antes de que rematase a noite. "Demasiado guapo para facerme caso sen alcohol", pensou de novo mentres o vía esvaecerse na néboa. Non quixo darlle máis importancia.

Un día coma calquera outro volviuno ver. "Nin se lembrará de min" pensou mentras se achegaba. Mirouno. El sorriu pedindo atención.